**Acta da Comisión Delegada**

Martes 8 de agosto de 2023

**Lugar:** Reunión por medios telemáticos
**Hora:** 20:30 horas

Orde do día:

1.-Modificacións Regulamentarias
2.- Modificacións do calendario oficial
3.- Rogos e Preguntas

Asistentes:
Presidente-Javier Campos Peña
Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

Enrique Hernández Moldes (Triatlon Rias Baixas)
Paloma Herbello (Triatlon Santiago)
Gustavo Álvarez (AD Fogar)
Amando Guerrero (AD Náutico de Narón
Patricio Farias Forneiro
Pablo Cabanelas Eiras

---

***Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados***
Comeza a sesión ás 20:35 h.

## 1.- Modificacións Calendario Oficial

Engádense ao calendario as seguintes probas presentadas.

- Acuatlón de Menores e Súper Sprint - Cedeira
- 10 setembro- Triatlón de Menores de A Coruña
- 16 setembro- Triatlón de Menores de Vigo
- 8 Outubro- Dúatlon por Equipos de Lousame. Popular Absoluta e Cpto Galego Escolar

## 2.- Convocatoria organización de probas

Infórmase da próxima convocatoria de presentación de organización de probas para o calendario 2024 en relación aos prazos de TRAZA. Acórdase enviar o calendario FETRI a todos os clubs e facer unha publicación detallada na web indicando que esas datas serán de baixa afluencia de deportistas polo que na medida do posible se deberán evitar.

## 3.- Información Económica-

- Infórmase da concesión da subvención para desenvolver o plan Corresponsables por 74.700,00 €. A información xa foi enviada aos clubs que presentaron proxectos e que é imprescindible poñela en marcha a través da plataforma habilitada pola SXD para poder xustificar os importes condedidos a través dos convenios cos clubs a quen se irá aboando de xeito mensual previa xustifcación.

## 4.- Rogos e Preguntas

Amando Guerrero en representación do AD Náutico Narón pregunta en relación á aprobación de regulamentos das probas de menores indicando que non está de acordo con que nas probas non poidan participar deportistas doutras comunidades. Indícaselle que ese punto ven do regulamento aprobado pola Asemblea Xeral e que debe facerse a proposta de cambio para a aprobación de regulamentos de 2024 en Asemblea Xeral.

Levántase a sesión ás 21:20 h.

Firmado por ***6044** JAVIER CAMPOS (R: ****0393*) el día 17/10/2023 con un certificado emitido por AC Representación

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

Vº Bº
FEGATRI FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PENTATLÓN MODERNO
Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo ‖ 982 251 345
N.I.F.: V36703832

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña